



DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL

No CIFP Manuel Antonio existe un Departamento de Información e Orientación Profesional, que está constituído polo orientador, un profesor do departamento de Hostalaría e Turismo, un do departamento de Industrias Alimentarias, un do departamento de sanidade, un do departamento de química, un do departamento de textil e confección e un do departamento de Formación e Orientación Laboral.

As competencias do departamento veñen recollidas no Regulamento Orgánico dos Centros Integrados de Formación Profesional, pero por facer un pequeno resumo, éstas son:

- ▶ Informar sobres as diferentes opcións académicas e profesionais ao noso alumnado ou a calquera persoa que consulte.
- ▶ Colaborar na información e orientación aos participantes no proceso de acreditación de competencias.
- ▶ Organizar actividades, charlas e sesións informativas conducentes a mellorar o coñecemento das oportunidades laborais, formativas e do emprendemento.
- ▶ Xestionar a bolsa de emprego, establecendo medios para que as ofertas sexan coñecidas polo noso alumnado.
- ▶ Colaborar coas persoas titoras e co resto do profesorado na detección de problemas de aprendizaxe.

Se desexas máis información sobre o centro ou as nosas ensinanzas, podes enviar un correo á seguinte dirección: orientacion.cifp.manuelantonio@edu.xunta.es.